



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo Central de Recadación

Normas de cobranza primeira voluntaria 2023

Normas de cobranza en período voluntario dos tributos e prezos públicos municipais. Campaña do primeiro semestre do exercicio 2023.

NORMAS DE COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DOS TRIBUTOS E PREZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS.

CAMPAÑA DO PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO 2023.

PRIMEIRA. CONCEPTOS.- Os valores que se recadarán son os de notificación colectiva por padrón e cobro periódico por recibo, dos seguintes conceptos:

- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) dos concellos que se relacionan no Anexo 1.
- Taxas e prezos públicos municipais detallados no Anexo 1.

SEGUNDA. PERÍODO VOLUNTARIO.- O prazo de ingreso voluntario será do **1 de abril ao 18 de xullo**, ambos inclusive.

TERCEIRA. FORMAS E LUGARES DE INGRESO.- O ingreso poderá realizarse:

- Na caixa de calquera das entidades colaboradoras que se indican de seguido, ou tamén en caixeiro automático ou por internet (se a entidade colaboradora elixida dispón deses servizos).

As entidades colaboradoras deberán aceptar e facilitar o pago cando se lle solicite no seu horario normal de atención ao público.

As entidades financeiras autorizadas para colaborar co Servizo de Recadación son as seguintes:

ABANCA

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA

BANCO SABADELL

BANCO SANTANDER

CAIXABANK

- Na Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.dacoruna.gal>), entre outros medios de pago, mediante tarxeta de calquera entidade bancaria, sen custo para o contribuínte.

- Nas Oficinas de Correos ou ao persoal de reparto, cun custo para o contribuínte de 1,95 € por cada carta de pago.

CUARTA. DOMICILIACIÓN.- Para a súa maior comodidade, recoméndase aos contribuíntes domiciliar para anos sucesivos o ingreso das súas débedas tributarias en entidades financeiras, conforme co establecido na Resolución da Presidencia núm. 22665/2014, de 12 de novembro, modificada pola Resolución da Presidencia núm. 10810/2021, de 22 de marzo. Os recibos poderán ser domiciliados nun único prazo ou en dous prazos; neste último caso, repartirase a cota a pagar.

QUINTA. ENVÍO DOS DOCUMENTOS DE INGRESO.- Os documentos de ingreso dos recibos non domiciliados en entidades financeiras enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada contribuínte.

Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do contribuínte non exime a este da súa obriga de pago.

Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio algún dos documentos de ingreso que precisa **poderá solicitalo contactando cos Servizos Tributarios da Deputación a través de correo electrónico (atencion.tributaria@dacoruna.gal) ou mediante chamada telefónica **gratuíta (900132204)**. Tamén **poderá facer xestións e consultas a través da Oficina Virtual Tributaria (<https://ovt.dacoruna.gal>) ou na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal>)**.**

A atención presencial, para maior comodidade, **poderá realizarse mediante CITA PREVIA (dacoruna.gal/cita-previa)**. Dende o día **12 de xullo**, inclusive, non se enviarán novos documentos de ingreso por correo postal.

SEXTA.- REFERENCIAS DE COBRO.- Os documentos de ingreso inclúen dúas referencias de cobro, con importes diferentes:

- A primeira é válida ata o día **18 de xullo**, e o importe que ten asociado é o principal da débeda, sen recarga de ningún tipo.

- A segunda é válida do **19 de xullo ata o 31 de agosto**, e o importe que ten asociado inclúe o principal da débeda e a recarga executiva do 5%.

Pasada a data de caducidade da segunda referencia xa non se poderán utilizar estes documentos para realizar o ingreso da débeda, polo que deberán solicitarse outros ás oficinas de información tributaria que se relacionan no Anexo 2.

SÉTIMA. CARGOS DE DOMICILIACIÓNS.- Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados o día **15 de xuño** nas contas dos seus clientes. O prazo para a devolución de cargos pecharase o día **10 de agosto**; pasada esta data, as entidades financeiras xa non poderán aceptar devolucións, polo que os contribuíntes deberán dirixir á Deputación a correspondente solicitude de devolución de ingresos indebidos, que será tramitada segundo o establecido na normativa tributaria.

No caso de que a domiciliación sexa en dous prazos, o primeiro cargo, pola metade do importe do recibo, realizarase o **28 de abril**, e o segundo cargo, polo resto do importe do recibo, realizarase o **15 de xuño**. O prazo para a devolución de cargos pecharase, respectivamente, o **23 de xuño e o 10 de agosto**; pasadas estas datas, as entidades financeiras xa non poderán aceptar devolucións, polo que os contribuíntes deberán dirixir á Deputación a correspondente solicitude de devolución de ingresos indebidos, que será tramitada segundo o establecido na normativa tributaria.

OITAVA. Existe a posibilidade de solicitar, para vindeiros exercicios, un **plan individualizado de pagos** de acordo co previsto na Resolución da Presidencia número 43226/2022, do 19 de outubro, (BOP nº 25 de 6 de febreiro de 2023). Deste xeito **poderá pagar a totalidade dos recibos dos tributos de cobro periódico en 4 ou 10 mensualidades**.

NOVENA. ADVERTENCIA LEGAL.- O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario sen que se teña satisfeita a débeda determinará o inicio do período executivo e polo tanto a esixencia da recarga e dos xuros de mora que en cada momento correspondan. Tamén se liquidarán e esixirán ao debedor as custas regulamentarias orixinadas no dito procedemento.

A Coruña, 29 de marzo de 2023

A Vicetesoureira,

Ana María Fernández Rodríguez

Anexo 1

Conceptos, delegados polos entes da provincia, que se recadarán nesta campaña:

ABEGONDO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

AMES:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

ARANGA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

ARES:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

ARTEIXO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

ARZÚA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

BAÑA (A):

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo 2023

BERGONDO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

BETANZOS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

BOIMORTO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

BOQUEIXÓN:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

BRIÓN:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CABANA DE BERGANTIÑOS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CABANAS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

CAMARIÑAS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo 2023

Taxa cemiterio 2023

Taxa sumidoiros 2023

CAMBRE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CAPELA (A):

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CARIÑO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CARNOTA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

CARRAL:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CEDEIRA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CEE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa de lonxas/mercados (1ª cota 2023)

Taxa de postos/barracas dominical (1ª cota 2023)

CERCEDA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CERDIDO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

Taxa subministro de auga (1ª cota 2023)

COIRÓS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

CONSORCIO AS MARIÑAS:

Taxa recollida de lixo (2º semestre 2022) dos Concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral e Sada.

CORCUBIÓN:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CORISTANCO

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CULLEREDO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

CURTIS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

DODRO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

DUMBRÍA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

FENE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

FISTERRA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

FRADES:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

IRIXOA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

LARACHA (A):

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

LAXE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo 2023

Taxa entrada vehículos 2023

Taxa sumidoiros 2023

LOUSAME:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

MALPICA DE BERGANTIÑOS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

MAÑÓN:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

MAZARICOS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

MELIDE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

MESÍA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

MIÑO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

MOECHE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

MONFERO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

MUROS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

MUXÍA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

NARÓN:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

NEDA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

NEGREIRA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

ORDES:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

OROSO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1º semestre 2023)

ORTIGUEIRA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

OZA-CESURAS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

PADERNE:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

PADRÓN:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

Taxa entrada vehículos 2023

PINO (O):

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

PONTECESO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

PONTEDEUME:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2023)

PORTO DO SON:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (TRIMESTRAL-1ª cota 2023)

ROIS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

SADA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

SAN SADURNIÑO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

SANTA COMBA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

SANTISO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo (1ª cota 2022)

SOBRADO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

SOMOZAS (AS):

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

TEO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

TOQUES:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

TORDOIA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

TOURO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

TRAZO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

VALDOVIÑO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

VAL DO DUBRA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

VEDRA:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

VILARMAIOR

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Taxa recollida de lixo 2023

Taxa sumidoiros 2023

VILASANTAR:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

VIMIANZO:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

ZAS:

Imposto sobre vehículos de tracción mecánica 2023

Anexo 2

OFICINAS DE INFORMACIÓN E HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

CITA PREVIA: 900 132 204 e dacoruna.gal/cita-previa

OFICINA/ LOCALIDADE	ENDEREZO	CP	HORARIO
Oficina Virtual Tributaria	www.dacoruna.gal		As 24 horas do día, todos os días
Central /A Coruña	R. Archer Milton Huntington, 24	15071	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Ames	R. Ameneiral, 18 (Bertamiráns)	15220	Martes e venres de 9:00 a 14:00
Arteixo	Av/ Arxenio Iglesias, 46 (Pol. Sabón)	15142	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Arzúa	R. Pai Pardo, s/n	15810	Mércores e venres de 9:00 a 14:00
Betanzos	R. Pintor Seijo Rubio, 8 (local 5)	15300	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Corcubión	Pz. de José Carrera, 1B (Concello)	15130	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Ferrol	R. Naturalista López Seoane, 5 (Esteiro)	15403	De luns a venres de 9:00 a 14:00
Narón	Pz. do Concello, s/n (Xuvia)	15570	Luns e mércores de 9:00 a 14:00
Negreira	R. Castelao, s/n (Antigo Instituto EM)	15830	Mércores e venres de 9:00 a 14:00
Ordes	R. Nova, 23	15680	Mércores e venres de 9:00 a 14:00
Ortigueira	Av/ Escola de gaitas, 39B	15330	Martes e xoves de 9:00 a 14:00
Ribeira	R. Miguel Rodríguez Bautista, 42	15960	Martes e xoves de 9:00 a 14:00
Santiago de Compostela	R. Fernando III o Santo, 9	15701	De luns a venres de 9:00 a 14:00

2023/2319